



NOTIFICACIÓN

Expediente	2020018527	Subvención
Asunto	Convocatoria pública de subvencións para a promoción e fomento da cultura dende as asociacións culturais do Concello de Ferrol para o ano 2020 / Promoción e fomento da Cultura dende as asociacións culturais do Concello de Ferrol	

O concelleiro delegado dá Área de Cultura, Educación, Universidade, Deportes e Festas aprobou o día 25.02.2021, a seguinte resolución:

“Examinouse o informe proposta elaborado polo Negociado de Promoción Cultural con data 18.02.2021 e que literalmente di :

“O Excmo. Concello Pleno, en sesión realizada o día 24 de setembro de 2020, adoptou o acordo de aprobación das Bases reguladoras do programa de subvencións para a promoción e fomento da cultura dende as asociacións culturais de Ferrol para o ano 2020.

Con data estas bases foron publicada no BOP nº 165 de data 02.10.2020.

Con data 13.10.2020 aprobou a convocatoria pública do programa de subvencións para a promoción e fomento da cultura dende as asociacións culturais de Ferrol para o ano 2020. O extracto da convocatoria publicouse no BOP da Coruña nº 174 de data 19.10.2020.

Durante o prazo establecido no punto 6 da convocatoria presentáronse un total de 8 solicitudes.

Con data 09.12.2020 emite informe o Técnico de Cultura en relación a avaliación dos proxectos presentados polas Asociacións Culturais á Convocatoria de Subvencións 2020.

Con data 11.12.2020 emite informe o Xefe de Servizo de Cultura, Educación, Deportes e Turismo no que se propón a exclusión do procedemento á entidade Asociación Musical Sonsdodía, toda vez que o seu proxecto recolle exclusivamente como gasto subvencionable á adquisición de bens inventariables, non permitindo estas bases, a tenor do esixido polo Lei Xeral de Subvencións outorgar o carácter de subvencionable a compra de bens inmobles.

O resto de solicitudes presentadas reúnen os requisitos esixidos no punto 4 das bases.

O 11.12.2020 réunese a Comisión de Valoración, quen realiza a seguinte proposta por unanimidade:

“Primeiro.- Excluir da baremación á entidade Asociación Musical Sonsdodía, toda vez que o seu proxecto recolle exclusivamente como gasto subvencionable á adquisición de bens inventariables, non permitindo estas bases, a tenor do esixido pola Lei xeral de Subvencións outorgar o carácter de subvencionable a compra de bens mobles.

Segundo.- Asignar a seguinte puntuación ás propostas presentadas:

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ENTIDADES						
	MUÍÑO	TOXOS	FUCO	VALÓN	SIGNOS	COLUMBA	OJE
Interese das actividades, coherencia técnica do proxecto e congruencia entre a programación e os obxectivos da convocatoria (20)	20	20	20	20	20	20	20
Nivel de cobertura poboacional e interese social da iniciativa (10)	10	10	10	10	10	10	5
Nivel de representatividade da asociación no seu territorio ou sector (5)	5	5	2	5	5	5	2
Grao de innovación do proxecto e déficit de actividades análogas no municipio (10)	10	5	5	10	10	5	2
Capacidade de autoxestión da entidade e nivel de financiamento propio no seo do proxecto (5)	3	x	x	3	5	x	5
Nivel de sostibilidade do proxecto no tempo (15)	15	15	15	15	15	15	15
Nivel de colaboración con outras entidades cidadás ou axentes sociais na execución do proxecto (10)	10	x	x	10	10	x	x
Intercambio e participación activa das persoas socias para a execución do proxecto (5)	5	x	x	5	5	x	5
Promoción e participación cidadá e dinamización comunitaria (5)	5	x	x	5	5	x	x
Perspectiva de xénero na formulación do proxecto e na difusión de resultados (5)	2,5	x	5	1	2,5	x	0
Ámbito poboacional ó que vai dirixido o proxecto (5)	5	5	5	5	5	5	5
Promoción da extensión social da lingua galega ou do proceso de normalización lingüística como obxectivo do proxecto (2,5)	1,5	1,5	1,5	2,5	1,5	1,5	1,5
Existencia de documentación oficial da entidade (estatutos, proxectos, orzamentos, certificados, así como documentos habituais de comunicación da asociación (actas, publicidade, circulares, etc.) en lingua galega. Para acreditar este mérito deberase presentar o modelo de declaración responsable de utilización da lingua galega (2,5)	2,5	2,5	2,5	2,5	2,5	2,5	2,5

“

Con data 14.01.2021 publicouse a proposta de resolución provisional no taboleiro de anuncios da páxina web do Concello de Ferrol, segundo establece a base décima, e as entidades solicitantes dispuxeron dun prazo de dez días a partir do día seguinte ao da publicación para a presentación de alegacións.

Con data 22.01.2021 (RE 2021003042) a entidade Real Coro Toxos e Froles presenta alegacións a esta proposta de resolución provisional.

Con data 22.01.2021 (RE 2021003054) a entidade Asociación de Persoas Xordas de Ferrolterra pre-

senta renuncia a súa solicitude de subvención para a promoción e fomento da cultura dende as asociacións culturais de Ferrol para o ano 2020.

Con data 02.02.2021 o Técnico de Cultura emite informe dando resposta as alegacións presentadas polo Real Coro Toxos e Froles no que se conclúe o seguinte:

“1. No que atinxe ao primeiro punto das alegacións, relativo ao “graio de innovación do proxecto e déficit de actividades análogas no municipio”, considera que no termo municipal existe unha abundante oferta de actividades vinculadas á música tradicional galega, co cal non ve ponderado outorgar ao Real Coro Toxos e Froles a máxima puntuación neste apartado. Isto non significa desmerecer a traxectoria histórica exemplar do Toxos nin o seu sobresáinte labor actual, como se demostra ao asignarlle a máxima puntuación noutros apartados, como no interese social da súa proposta e na súa representatividade sectorial. En consecuencia, propónse manter a puntuación asignada previamente de 5 puntos sobre 10 totais.

2. Coa nova información facilitada no documento de alegacións, pódese avaliar o ítem referido á “capacidade de autoxestión da entidade e nivel de financiamento propio no seo do proxecto”. Atendendo ao intenso traballo desenvolvido polas persoas que coordinan as actividades do Toxos, e ao mesmo tempo considerando que a proposta a subvencionar presenta o mínimo nivel de autofinanciamento posible (20%), cremos que este punto debera ser valorado de forma intermedia, co cal unha puntuación razoable podería ser a de 3 puntos sobre 5 totais.

3. No documento de alegacións engádesse información non indicada no proxecto inicial e relativa ao indicador “intercambio e participación activa das persoas socias para a execución do proxecto”. Grazas a esta aclaración, cremos que é razoable outorgarlle ao Toxos a máxima puntuación neste apartado, é dicir, 5 puntos.

4. Como ben sinala o seu documento de alegacións, o Real Coro Toxos e Froles é “un punto de encontro dos nosos veciños arredor da música e o baile tradicional galego”. Por outra parte, as actividades formativas, eixo do labor do Toxos, poden ser consideradas elementos centrais da participación cultural da cidadanía. Con todo, a redacción do apartado “promoción da participación cidadá e a dinamización comunitaria” semella remitir a un uso consciente das técnicas que se derivan da Animación Sociocultural, técnicas que non apreciamos reflectidas no proxecto inicial do Toxos nin no documento de alegacións. En consideración a ambas perspectivas, cremos que sería razoable asignarlle unha puntuación intermedia neste ítem, a saber, 3 puntos sobre 5 totais.

En conclusión, recapitulando as valoracións recollidas nos parágrafos anteriores, propónse que a puntuación xeral do proxecto presentado polo Real Coro Toxos e Froles se incremente en 11 puntos, pasando dos 64 aos 75.”

Segundo establece a base décima, rematado o trámite de audiencia e examinadas as alegacións, notificouse ás entidades solicitantes a proposta de de resolución definitiva. Todas as entidades beneficiarias presentaron aceptación da subvención, agás a entidade Asociación de Persoas Xordas de Ferrolterra que previamente xa presentara renuncia a súa solicitude (RE 2021003054 do 22.01.2021).

Examinada a documentación existente no expediente acredítase que as entidades solicitantes:

- Achegan documentación acreditativa vixente de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas de carácter tributario coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) e co Concello de Ferrol, así como coa Seguridade Social.

- Achegan declaración responsable de que non están incursas en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Non teñen pendente de xustificar ou reintegrar ningunha subvención outorgada pola Concellería de Cultura do Concello de Ferrol, tendo transcorrido o prazo para facelo.

Por todo o anterior, e de conformidade coa base 10, propónse ao Concelleiro delegado de Cultura, Educación, Universidade, Deportes e Festas:

Primeiro.-Asignar a seguinte puntuación ás propostas presentadas:

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ENTIDADES						
	MUÍÑO	TOXOS	FUCO	VALÓN	SIGNOS	COLUMBA	OJE
Interese das actividades, coherencia técnica do proxecto e congruencia entre a programación e os obxectivos da convocatoria (20)	20	20	20	20	20	20	20
Nivel de cobertura poboacional e interese social da iniciativa (10)	10	10	10	10	10	10	5
Nivel de representatividade da asociación no seu territorio ou sector (5)	5	5	2	5	5	5	2
Grao de innovación do proxecto e déficit de actividades análogas no municipio (10)	10	5	5	10	10	5	2
Capacidade de autoxestión da entidade e nivel de financiamento propio no seo do proxecto (5)	3	3	x	3	5	x	5
Nivel de sostibilidade do proxecto no tempo (15)	15	15	15	15	15	15	15
Nivel de colaboración con outras entidades cidadás ou axentes sociais na execución do proxecto (10)	10	x	x	10	10	x	x
Intercambio e participación activa das persoas socias para a execución do proxecto (5)	5	5	x	5	5	x	5
Promoción e participación cidadá e dinamización comunitaria (5)	5	3	x	5	5	x	x
Perspectiva de xénero na formulación do proxecto e na difusión de resultados (5)	2,5	x	5	1	2,5	x	0
Ámbito poboacional ó que vai dirixido o proxecto (5)	5	5	5	5	5	5	5
Promoción da extensión social da lingua galega ou do proceso de normalización lingüística como obxectivo do proxecto (2,5)	1,5	1,5	1,5	2,5	1,5	1,5	1,5
Existencia de documentación oficial da entidade (estatutos, proxectos, orzamentos, certificados, así como documentos habituais de comunicación da asociación (actas, publicidade, circulares, etc.) en lingua galega. Para acreditar este mérito deberase presentar o modelo de declaración responsable de utilización da lingua ga-	2,5	2,5	2,5	2,5	2,5	2,5	2,5

lega (2,5)							
TOTAL PUNTUACIÓN	94,5	75	66	94	96,5	64	63
PUNTOS TOTAIS: 553							
VALOR DO PUNTO: 51000/553=92,224€/punto							

Segundo.-Aceptar a renuncia presentada pola entidade **Asociación de Persoas Xordas de Ferrolterra (G15121676)**.

Terceiro.- Adjudicar as seguintes subvencións ás Asociacións Culturais de Ferrol que de seguido se relacionan, ao abeiro da convocatoria pública de subvencións para a promoción e fomento da cultura para o ano 2020, en réxime de concorrencia:

Adjudicatarios:

NOME	NIF/CIF	IMPORTE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA	ANTICIPO DO 50 % (base 5.3)	COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	IMPORTE A XUSTIFICAR
ASOCIACIÓN SOCIO-CULTURAL MUÍÑO DO VENTO	G70359443	*1.920 €	960 €	0,80	2.400 €
REAL CORO TOXOS E FROLES	G15038300	*6.000 €	3.000 €	0,80	7.500 €
ASOCIACIÓN CULTURAL FUCO BUXÁN	G15709025	*5.387,40 €	2.693,70 €	0,80	6.734,26 €
AVVCR O CRUCEIRO DE VALÓN	G15646839	*1.040 €	520 €	0,80	1.300 €
SOCIEDAD CULTURAL COLUMBA	G15592496	*2.400 €	1.200 €	0,80	3.000 €
ORGANIZACIÓN JUVENIL ESPAÑOLA	G28556728	*1.060 €	530 €	0,37	2.864,86 €

Segundo a base 13.3 o coeficiente de financiamento defínese como o cociente entre o importe da subvención solicitada e o importe do orzamento de gastos presentados pola entidade. O orzamento subvencionado para xustificar será o que teña que xustificar para poder cobrar a subvención e calcúrase como resultado de dividir o importe da subvención concedida polo coeficiente de financiamento.

**O importe concedido a cada entidade calcúlase multiplicando os puntos obtidos na valoración polo importe de cada punto. No caso destas entidades o importe concedido supera o importe solicitado polo que se procedeu a conceder o importe solicitado.*

Obxecto da subvención: Subvencións para promoción e fomento da cultura dende as Asociacións Culturais de Ferrol para o ano 2020.

Importe: 51.000 €

Partida: 05101 3301 48000

Outras características: O prazo máximo para a xustificación da subvención finaliza o día 15.03.2021 (base 12.4)

Cuarto.- Aboar a cada unha das entidades un anticipo de pago do 50% do importe total adxudicado segundo a base 5.3. “

E tendo en conta a documentación que o acompaña, así como o informe favorable de Intervención.

DECRETO.- Examinei a anterior proposta e apróboa nos seus propios termos.”

Comunícollo a Vde. para o seu coñecemento e efectos, facéndolle saber que a presente resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o órgano que a dictou dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Todo isto, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución e na forma prevista no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa (BOE 14.07.1998).

Poderá utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

Ferrol,

O Secretario Xeral